ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: LINGUA GALEGA
CURSO: CUARTO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo	. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. . Elabora un breve resumo dun texto oral.
. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe.	. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.
Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.
. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).	. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.	. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan.
. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.	Realiza o resumo dun texto sinxelo. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.
Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.	. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información
Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto	Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia,avisos, instrucións… . Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis). Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión
. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado… en calquera soporte
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. Identifica nun texto substantivos, adxectivos edeterminantes . Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.	Emprega con correccións os signos de puntuación.
Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.	. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.
Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.	Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso

	habitual.
. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos	Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación das actividades realizadas, interacción profesora-alumno/a, participación activa.
	Instrumentos: rexistros de entrega de tarefas, listas de control, chamadas telefónicas, videoconferencias co alumnado, autoavaliacións e coavaliacións.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Seguindo o procedemento da avaliación continua, globalizadora e formativa teremos en conta a calificación obtida na segunda avaliación, de xeito que nunca será inferior a esta, polo que o traballo realizado neste período non presencial polo alumnado terase en conta positivamente ata un máximo de 1 punto sempre que a entrega fose igual ou superior ao 50% das tarefas propostas. **esta participación nunca será valorada de forma negativa **non se terán en conta na cualificación final actividades que inclúan contidos de amplicación.
	Criterios de avaliación: seguiranse os criterios establecidos na programación para as diferente áreas.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias terán acceso a cualificación dos seus fillos e fillas que estará dispoñible na páxina web do centro. O contacto coas mesmas é fluído a través das canles abalar, whastapp, correo electrónico e videochamadas e videoconferencias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades propostas teñen un carácter competencial e globalizador da aprendizaxes de xeito que se traballan múltiples contidos curriculares. Nelas preténdese que o alumnado adquira competencias básicas a partir do repaso dos contidos traballados na aula.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades envíanse diariamente a partir dos soportes abalar, whastapp, correo electrónico, chamadas telefónicas . O alumnado recibe estas estas propostas de traballo e envía as súas actividades a través de fotografías, audios, vídeos que os mestres e mestras revisamos diariamente para poder enviarlles correccións das mesmas. Nas propostas de actividades enviadas téñense en conta os seguintes principios metodolóxicos. 1. coñecementos previos do alumnado. 2. os intereses dos alumnos e alumnas. 3. Carácter lúdico e competencial. 4. Favorecer a aprendizaxe autónoma. 5. Globalizar as ensinanzas e os contidos de aprendizaxe. 6. Adaptación aos medios tecnolóxicos e diferentes ámbitos socioeconómicos e situacións persoais do alumnado.

	7. Garantir a participación dos pais para posibilitar unha continuidade no traballo así como dos distintos profesionais que interveñen na atención educativa.
Materiais e recursos	Para comunicarnos co alumnado e familias empregamos whastapp, videoconferencias, abalar, e correo electrónico. Algún alumnado conta con ordenadores e conexión a Internet. Nalgúns casos que isto non é posible empréganse as chamadas telefónicas e emprégase o teléfono móbil con datos móbiles.